



# PLAN DIGITAL

## IES Eduardo Pondal

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

O plan dixital do IES Eduardo Pondal é unha ferramenta de planificación que forma parte do Proxecto Educativo que ten como obxectivo fundamental o desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital e a integración das TIC como recurso didáctico nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

O plan dixital pretende darlle un enfoque de centro ao uso dos recursos pedagóxicos dixitais, aproveitando as posibilidades e medios dispoñibles, de maneira que se constitúa non proxecto compartido para os membros da comunidade educativa, que dea coherencia e guíe no uso das tecnoloxías.

Este plan debe entenderse como un documento que debe actualizarse cada curso, para o que se require un compromiso por parte de toda a comunidade educativa.

### 1.1. Datos básicos do centro

| DATOS DO CENTRO    |   |
|--------------------|---|
| Denominación       | IES Eduardo Pondal  |
| Código do Centro   | 15015861  |
| Domicilio          | Rúa Dr. Maceira, 9  |
| Localidade         | Santiago de Compostela  |
| Concello           | Santiago de Compostela  |
| Código Postal      | 15706   |
| C.I.F.             | Q6555164J   |
| Teléfono           | 881866367   |
| Fax                | 881866373   |
| Correo electrónico | <a href="mailto:ies.eduardo.pondal@edu.xunta.gal">ies.eduardo.pondal@edu.xunta.gal</a>                            |
| Páxina web         | <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ieseduardopondal">http://www.edu.xunta.gal/centros/ieseduardopondal</a> |

O IES Eduardo Pondal é un centro público, onde se imparten ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. O recinto escolar consta de tres edificios independentes separados entre si por zonas pavimentadas con pasarela de acceso cuberta. Contamos tamén cun pequeno aparcadoiro e unha pista polideportiva ao aire libre. O edificio central consta de tres plantas. Na planta baixa sitúanse a conserxería, a oficina, os despachos da Secretaría-

Vicedirección, Xefatura de Estudos e Dirección. Tamén están o Departamento de Orientación, a sala de profesores, a sala de visitas, o salón de actos, a biblioteca a cafetería e aulas. Na planta primeira atópanse os departamentos didácticos, os laboratorios de Física e de Química e aulas. Na segunda planta están as dúas aulas de informática, a aula de Debuxo, o laboratorio de Ciencias e aulas. No soto só hai aulas. Nun dos edificios anexos están situadas as aulas de Música e Tecnoloxía e os seus correspondentes departamentos didácticos. O terceiro edificio alberga un polideportivo cos vestiarios e servizos correspondentes.

O claustro está formado por 49 profesores/as. Ademais, o centro conta con 2 conserxes, 1 auxiliar administrativa, 4 limpadoras e dúas coidadoras. O número de alumnas e alumnos é de 583 que, por niveis distribúense da seguinte maneira:

| ALUMNADO POR NIVEIS |     |
|---------------------|-----|
| 1º ESO              | 105 |
| 2º ESO              | 118 |
| 3º ESO              | 106 |
| 4º ESO              | 107 |
| 1º BAC              | 83  |
| 2º BAC              | 64  |

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O alumnado asignado ao IES EDUARDO PONDAL procede do Concello de Santiago de Compostela (parte do centro da cidade, barrios de Conxo e Santa Marta e área rural do Sur da localidade -Roxos, Laraño, etc.). Como descrición xeral, podemos dicir que se pode situar o alumnado nun nivel social medio-baixo e que se trata dunha poboación que traballa, maioritariamente, no sector servizos. O fluxo migratorio é importante, supoñendo aproximadamente os non nados en Galicia un 10% da totalidade do alumnado, na súa gran maioría de procedencia latinoamericana.

A contribución do Plan Dixital ao PEC e á PXA hai que considerala desde a perspectiva de como pode reforzar o uso adecuado das novas tecnoloxías na comunidade educativa. Hai que ter en conta que a competencia dixital é unha das competencias clave nas que é preciso traballar co alumnado.

Unha organización educativa como o IES Eduardo Pondal debe mirar cara o futuro, o cal é imposible sen as novas tecnoloxías. Na súa formación como cidadáns hai que ter en consideración a importancia que na sociedade ten ser quen de seleccionar a información de maneira crítica.

O noso centro ten adquirido o compromiso cunha educación integradora, baseada na igualdade de oportunidades. Neste eido, a fenda tecnolóxica constitúese nun grave inconveniente para o logro desta integración, agravado, se cabe, polos efectos da pandemia COVID-19 e a desconexión que sufriu o alumnado con maiores dificultades.

Finalmente, nunha sociedade plural, a liberdade de pensamento, ideas e opinións, expresadas frecuentemente nos medios de comunicación virtuais e redes sociais, cobra especial importancia na actualidade.

Na PXA formúlanse obxectivos directamente relacionados coa dixitalización:

### 1. Facilitar a incorporación do alumnado novo no centro.

As titoras e os titores informarán ao comezo de curso sobre o acceso á aula virtual do centro, así como á páxina web.

### 2. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado.

A formación na competencia dixital é xa unha compoñente esencial dos nosos currículos, e con maior razón agora, ante a posible continxencia de ter que recorrer a un ensino non presencial ou semipresencial. Por iso, durante os primeiros días do curso será preciso introducir ao alumnado no entorno virtual de aprendizaxe: primeiro o funcionamento do correo do centro, facilitándolles a conta que van empregar durante o curso, e logo o modelo de aula virtual que vai empregar o profesorado. Logo, o máis cedo posible e sempre antes de que remate o mes de setembro, cada profesor/a presentará ao alumnado a súa aula virtual e explicará o funcionamento do seu curso así como a metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. Por esta razón o profesorado terá que establecer as medidas axeitadas para comprobar que o seu alumnado é competente no uso da aula virtual e que todos estean matriculados sen excepción antes de que remate o mes de setembro. Tamén o profesorado deberá traballar na súa materia de forma regular coa aula virtual para que o alumnado adquira a competencia adecuada no manexo da mesma.

### 3. Potenciar e mellorar a comunicación coas familias.

Difusión entre a comunidade escolar, fundamentalmente as familias, da información máis relevante sobre o noso centro: dereitos e deberes, titorías, matrícula, plan de adaptación á situación COVID, ...Para iso,

elaboraremos documentos informativos que serán publicados na web do centro.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Os centros educativos forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade cada vez máis dixitalizada. Por iso deben dar respostas ás necesidades da sociedade e formar cidadáns e cidadás coas competencias necesarias para desenvolverse nunha contorna dixitalizada. De maneira que semella ineludible o uso da tecnoloxía nos diversos procesos que teñen lugar nunha organización escolar, desde os relacionados coas cuestións organizativas ata os propios da ensinanza e aprendizaxe.

A educación é un recurso determinante para asegurar a igualdade de oportunidades, a promoción das persoas e a mellora nas súas condicións de vida. Así pois, semella necesaria unha transformación da educación e formación que garanta a adquisición de competencias dixitais que, á súa vez permitan aproveitar as oportunidades que a sociedade e o ámbito laboral poden ofrecer.

Por outra parte, é preciso que as organizacións educativas revisen e renoven as súas estratexias co obxectivo de mellorar no posible a súa capacidade para promover a innovación e sacar o máximo partido das TIC e dos recursos educativos dixitais.

Co plan dixital preténdese:

1. Avaliar a situación do centro no relativo ao uso da innovación e as TIC como punto de partida para poder deseñar e emprender un proceso de transformación e mellora.
2. Facer do plan dixital unha ferramenta clave para a planificación da estratexia dixital do centro.
3. Contribuír a desenvolver unha cultura dixital na comunidade educativa.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas. O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos

directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021- 2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, defínense os seus principios, obxectivos e referentes. Establécese, ademais, o proceso de redacción, a temporalización, o sistema de coordinación e determínanse os recursos que se van empregar neste proceso.

#### 1.4. Proceso de elaboración

A formación e asesoramento para a elaboración do Plan sustentouse sobre dous piares:

- a) Un Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) asociado ao Plan Dixital para a formación do profesorado que participou na elaboración do Plan.
- b) En todo o proceso estivo unha persoa mentora que nos guiou no deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital.
- c) Contamos cun espazo virtual onde se nos proporcionaron modelos dos diferentes elementos que integran o Plan Dixital e se crearon tarefas para poder achegar aos asesores ADIX os documentos que se foron elaborando durante o proceso para a súa supervisión.

O proceso de elaboración do Plan Dixital foi o seguinte:

1. Realizamos unha análise da situación do centro. Esta análise realizouse a través das ferramentas para a diagnose de situación SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente.

2. Realizamos un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que nos permitiu definir as liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións.

3. Elaboramos as táboas de obxectivos e accións correspondentes.

4. Redactamos a primeira versión (v. 1.0) do Plan dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

1. Infraestrutura dixital do centro: Rede corporativa da Xunta.

Infraestrutura de datos (conectividade a internet): Fibra óptica 100Mbps.

Infraestrutura de voz (telefonía): 8 teléfonos. Liña directa alarma. Liña directa ascensor.

Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede: En todo o centro.

2. Equipamento.

Aulas dixitalizadas, con conectividade e posibilidade de visualización e interacción:

|          | Ordenador                          | Sistema operativo | Multimedia                 | CAM EDU |
|----------|------------------------------------|-------------------|----------------------------|---------|
| 1º ESO A | Minitorre Lenovo i3 4GB            | Windows 10 Pro    | Proxector EPSON e PDI      |         |
| 1º ESO B | Portátil Lenovo i5                 | Abalar Linux      | PDI                        |         |
| 1º ESO C | Torre DELL intel CORE 2 2GB        | Windows 10 Pro    | PDI                        |         |
| 1º ESO D | Portátil Lenovo i5                 | Abalar Linux      | PDI                        |         |
| 2º ESO A | Ultraportátil ASUS intel N4020 4GB | Windows 10 Pro    | PDI                        |         |
| 2º ESO B | Minitorre Lenovo i3 4GB            | Abalar Linux      | PDI                        |         |
| 2º ESO C | Torre AMD x4 4GB                   | Windows 10 Home   | PDI                        |         |
| 2º ESO D | Portátil HP i7                     | Abalar Linux      | PDI                        |         |
| 3º ESO A | Portátil Lenovo i5                 | Abalar Linux      | PDI                        |         |
| 3º ESO B | Portátil Lenovo i5                 | Abalar Linux      | PDI                        |         |
| 3º ESO C | Portátil Lenovo i6                 | Abalar Linux      | PDI                        |         |
| 3º ESO D | Minitorre Lenovo i5 4GB            | Windows 10 Por    | Proxector EPSON e pizarra  |         |
| 4º ESO A | Torre COMPAQ AMD x2 4GB            | Windows 10 Home   | Proxector EPSON e pantalla |         |
| 4º ESO B | Portátil ACER intel CORE 2 2GB     | Windows 7         | Proxector EPSON e pizarra  |         |
| 4º ESO C | Portátil Lenovo i5                 | Abalar Linux      | PDI                        |         |
| 4º ESO D | Portátil Lenovo i5                 | Abalar Linux      | PDI                        |         |
| 1º BAC A | Torre COMPAQ AMD x2 4GB            | Windows 10 Home   | PDI                        | CAM EDU |
| 1º BAC B | Portátil Lenovo i5                 | Abalar Linux      | PDI                        | CAM EDU |
| 1º BAC C | Torre COMPAQ AMD x2 4GB            | Windows 10 Home   | PDI                        | CAM EDU |



|                  |   |                      |                            |         |
|------------------|---|----------------------|----------------------------|---------|
| 1º BAC D         | Minitorre DELL i5 8GB                       | Windows 11 Pro       | Proxector EPSON e pantalla | CAM EDU |
| 2º BAC A         | Torre intel Pentium 4GB                     | Windows 10 Home      | Proxector EPSON e pizarra  |         |
| 2º BAC B         | Minitorre DELL i5 8GB                       | Windows 10 Pro       | Proxector EPSON e pantalla | CAM EDU |
| 2º BAC C         | Ultraportátil ASUS intel N4020 4GB          | Windows 11 Pro       | Proxector EPSON e pizarra  |         |
| 2º BAC D         | Minitorre DELL i5 8GB                       | Windows 10 Pro       | Proxector EPSON e pantalla |         |
| Desdobre 01      | Torre DELL intel CORE 2 4GB                 | Windows 10 Education | Proxector EPSON e pizarra  |         |
| Salón de actos   | Minitorre DELL i5 8GB                       | Windows 10 Pro       | Proxector EPSON e pantalla |         |
| Aula informática | Torre COMPAQ AMD x2 4GB (profe) + 17 torres | Windows 10 (profe)   | Proxector EPSON e pizarra  |         |

Proxecto de educación dixital E-Dixgal: Non dispoñible

Postos de traballo de xestión e administración do centro: Un posto provisto de todo o equipamento dixital necesario.

Uso na biblioteca: xestión de catálogo de libros, consulta...: Programa de xestión MEIGA.

Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos: Cinco ordenadores e dúas impresoras. Proxector. Todos os equipos con conexión en rede.

Equipos ultraportátiles para aula móbil (con posibilidade de desprazamento a diferentes espazos).

### 3. Servizos dixitais educativos.

Correo: correo web.edu.xunta.gal

Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ieseduardopondal>

Aula Virtual: Aula Virtual IES Eduardo Pondal (xunta.gal)

Espazo Abalar (con todas as súas funcionalidades e aplicacións).

Servizos dixitais educativos non corporativos: Correo @ieseduardopondal.org

4. Xestión do mantemento do equipamento do centro. Mantemento semanal por parte dunha empresa especializada. Supervisión por parte do Coordinador TIC e do Secretario do centro.

5. Protocolos do centro relacionados coas TIC (Plan de continxencia, etc.).

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE

| Areas       | Grupos         | Ensinanzas |     |             |    |               |
|-------------|----------------|------------|-----|-------------|----|---------------|
|             |                | Primaria   | ESO | Bacharelato | FP | Ed. Post sec. |
| A -Liderado | Equipo Direct. |            | 2,6 | 2,6         |    |               |
|             | Profesorado    |            | 3,3 | 3,3         |    |               |
|             | Alumnado       |            | -   | -           |    |               |

|   |                |  |     |     |  |  |
|---|----------------|--|-----|-----|--|--|
| B- Colaboración e redes                 | Equipo Direct. |  | 2,1 | 2,1 |  |  |
|   | Profesorado    |  | 2,7 | 2,7 |  |  |
|   | Alumnado       |  | 3   | 3   |  |  |
| C- Infraestruturas e Equipos            | Equipo Direct. |  | 3,3 | 3,3 |  |  |
|   | Profesorado    |  | 3,3 | 3,3 |  |  |
|   | Alumnado       |  | 3,3 | 3,3 |  |  |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. |  | 3,3 | 3,3 |  |  |
|   | Profesorado    |  | 3,4 | 3,4 |  |  |
|   | Alumnado       |  | -   | -   |  |  |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos          | Equipo Direct. |  | 3,8 | 3,8 |  |  |
|   | Profesorado    |  | 3,9 | 3,9 |  |  |
|   | Alumnado       |  | 4,2 | 4,2 |  |  |
| F- Pedagogía: Implementación na aula    | Equipo Direct. |  | 3,1 | 3,1 |  |  |
|   | Profesorado    |  | 3   | 3   |  |  |
|   | Alumnado       |  | 3,3 | 3,3 |  |  |
| G- Prácticas de avaliación              | Equipo Direct. |  | 2,3 | 2,3 |  |  |
|   | Profesorado    |  | 2,8 | 2,8 |  |  |
|   | Alumnado       |  | 2,9 | 2,9 |  |  |
| H- Competencias dixitais do alumnado    | Equipo Direct. |  | 3,2 | 3,2 |  |  |
|   | Profesorado    |  | 3,3 | 3,3 |  |  |
|   | Alumnado       |  | 3,3 | 3,3 |  |  |

## Test CDD

### Participación segundo perfil do profesorado

|             | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|-------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO  | <u>14</u>                     | <u>29</u>             | <u>48,3%</u>    |
| PROVISIONAL | <u>13</u>                     | <u>15</u>             | <u>86,7%</u>    |
| INTERINO    | <u>1</u>                      | <u>5</u>              | <u>20%</u>      |
| SUBSTITUTO  | <u>2</u>                      | <u>7</u>              | <u>28,6%</u>    |
| DESPRAZADO  | =                             | =                     | =               |

### Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia     | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|--------------------------|---|---------------------------------|
| <u>78,7</u>                          | <u>Integrador/a (B1)</u> | <u>76,4</u>                                     | <u>Integrador/a (B1)</u>        |

### Puntuación e nivel de competencia por etapas

|     | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia     | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|-----|--------------------------------------|--------------------------|---|---------------------------------|
| ESO | <u>81,1</u>                          | <u>Integrador/a (B1)</u> | <u>79,2</u>                                     | <u>Integrador/a (B1)</u>        |
| BAC | <u>73,5</u>                          | <u>Integrador/a (B1)</u> | <u>77,9</u>                                     | <u>Integrador/a (B1)</u>        |

### Distribución do profesorado por niveis

|    | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|----|---|---|
| A1 | <u>0</u>                                  | <u>0%</u>                                 |
| A2 | <u>9</u>                                  | <u>30%</u>                                |

|       |    |         |
|-------|----|---------|
| B1    | 14 | 46,7%   |
| B2    | 6  | 20%     |
| C1    | 1  | 3,3%    |
| C2    | 0  | 0%      |
| TOTAL | 30 | 100,00% |

### 2.3. Análise DAFO

| INTERNOS   |                             | FORTALEZAS   | DEBILIDADES   |
|------------|-----------------------------|--|---|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | <p>No noso centro hai dispositivos dixitais que son propiedade do centro ou están xestionados por el e que o alumnado pode utilizar cando os precisa.</p> <p>No noso centro existen sistemas de protección de datos.</p> <p>No noso centro dispónse de asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>No noso centro facilítase o acceso a internet para a ensinanza e a aprendizaxe.</p> <p>No noso centro hai dispositivos dixitais para o seu uso na ensinanza.</p>  | <p>A infraestrutura do centro ten as súas limitacións ao ser un centro antigo.</p>  |
|            | PERSOAL DOCENTE             | <p>No noso centro existe un comportamento colaborativo entre o profesorado na utilización de tecnoloxías dixitais.</p> <p>O profesorado utiliza criterios de busca e selección para identificar recursos dixitais que cumpran os obxectivos do proceso de ensinanza-aprendizaxe.</p> <p>O profesorado ten acceso a posibilidades de DPC no relativo á ensinanza e á aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>No noso centro debatimos sobre as vantaxes e desvantaxes da ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado.</p> <p>O profesorado utiliza entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado.</p> <p>O profesorado realiza actividades de aprendizaxe dixitais que implican ao alumnado.</p> <p>O profesorado busca recursos dixitais en liña.</p> <p>O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo.</p> | <p>Falta de tempo para a creación de repositorios propios.</p> <p>O profesorado non utiliza as tecnoloxías emerxentes para explorar experiencias e contidos de aprendizaxe novos.</p> <p>O profesorado non utiliza tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos seus compañeiros.</p> <p>O profesorado non utiliza tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación adecuada (feedback) ao alumnado.</p> <p>No noso centro o equipo directivo non axuda a intercambiar experiencias dentro do centro sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>O profesorado non utiliza tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.</p> <p>O profesorado crea poucos recursos dixitais para reforzar o seu labor de ensinanza.</p> |
|            | PERSOAL NON DOCENTE         |  |   |
|            | ALUMNADO                    | <p>En xeral, o noso alumnado dispón de recursos e dispositivos dixitais na casa para o traballo escolar.</p> <p>O noso alumnado usa recursos e ferramentas dixitais, contornos virtuais de aprendizaxe e</p>   | <p>No noso centro o alumnado non aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que encontrou na internet. Hai un escaso coñecemento sobre normas e dereitos de autor e licenzas de uso.</p>   |

|  |                        |   |   |
|--|------------------------|---|---|
|  |                        | plataformas en liña dentro e fóra da aula.  | <p>No noso centro o alumnado non aprende a comprobar se a información que encontra na internet é fiable e precisa.</p> <p>No noso centro o alumnado non aprende a crear contidos dixitais.</p> <p>No noso centro o alumnado non aprende a actuar de maneira responsable na internet.</p> <p>No noso centro o alumnado non aprende a actuar de maneira segura na internet.</p> |
|  | FAMILIAS               |   |   |
|  | OFERTA                 | No noso centro ofértase unha materia denominada "Programación" no 1º curso da ESO.  |   |
|  | ORGANIZACIÓN DO CENTRO | No noso centro está normalizado o uso da tecnoloxía e os recursos nas diferentes tarefas académicas (uso do XADE, Aula Virtual, WEB, Abalar, Correo electrónico corporativo). | <p>No noso centro non avaliamos os nosos progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>No noso centro non contamos cunha estratexia dixital.</p> <p>No noso centro o equipo directivo non desenvolve unha estratexia dixital en colaboración co profesorado.</p>   |

| EXTERNOS   |                          | OPORTUNIDADES   | AMEAZAS  |
|------------|--------------------------|---|--|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | <p>Existe unha boa oferta de actividades de formación en TIC.</p> <p>Hai dispoñibles múltiples recursos dixitais para empregar na aula.</p> | <p>O profesorado ten tanta carga burocrática que lle impide dedicar tempo a explorar novos métodos de ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>O profesorado non dispón de tempo suficiente para investigar metodoloxías baseadas nas tecnoloxías.</p> |
|            | LEXISLACIÓN              |   | A constante modificacións de currículos complica a innovación e a implementación na aula de estratexias conxuntas de aprendizaxe, e dificulta a súa consolidación.   |
|            | CONTORNA                 |   |  |
|            | ANPA                     | Boa comunicación coa ANPA.  |  |
|            | OUTRAS ENTIDADES         |   | No noso centro non utilizamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións.  |

### 3. Plan de Acción

Unha vez definido o noso horizonte (cara a onde queremos que vaia o noso centro educativo) e analizada a situación de partida, chega o momento de definir o Plan de Acción. Este instrumento debe ser realista, viable e asumible por toda a comunidade educativa.

Unha vez analizada a información, e identificadas as áreas de mellora, o deseño das accións do Plan supón levar a cabo os seguintes pasos:

1. Determinar os obxectivos que queremos conseguir. Estes obxectivos deben ser:
  - Específicos, é dicir, deben ser o máis concretos posibles. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
  - Medibles. Deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible non poderemos saber cando o conseguimos.
  - Alcanzables, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles.
  - Realistas. Debemos propoñernos obxectivos que estean dentro das nosas posibilidades (tanto por recursos dispoñibles como pola motivación para logralos).
  - Definidos no tempo. Isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que nos permitirán alcanzalos.
2. Definir os indicadores que permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben responder a escalas numéricas, e deben ir acompañados dun valor obxectivo ou meta que é aquel que nos marcamos segundo o obxectivo ao que fan referencia.
3. Definir as accións (polo menos dúas por cada área) necesarias para alcanzar os obxectivos. As accións incluírán:
  - Os recursos (humanos e materiais) necesarios para levalas a cabo.
  - O prazo de execución.

### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

#### Prioritarios. Curso 2022/23

| Área/s de mellora: Liderado (A)   |   |                   |                                      |                       |             |  |
|---|---|-------------------|--------------------------------------|-----------------------|-------------|--|
| <b>OBXECTIVO 1:</b>   | Crear e/ou empregar de maneira xeneralizada modelos e/ou ferramentas en formato dixital das tarefas burocráticas que lles corresponde realizar ao profesorado. (A2) |                   |                                      |                       | Acadado     |  |
| <b>Responsable:</b>   | Equipo directivo  |                   |                                      |                       | Non acadado |  |
| <b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>   | Porcentaxe de tarefas burocráticas dixitalizadas (Instrumento: catálogo de tarefas)   |                   |                                      |                       |             |  |
| <b>Valor de partida:</b>  | 60%   |                   |                                      |                       |             |  |
| <b>Valor previsto e data:</b>   | 100% das tarefas burocráticas dixitalizadas   |                   | 31/12/2022                           |                       |             |  |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER   |   |                   |                                      |                       |             |  |
| DESCRICIÓN  | RESPONSABLES  | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS                  | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN |             |  |
|   |   |                   |                                      | VALORACIÓN DA ACCIÓN  | ESTADO      |  |
| A01.1:Elaborar un catálogo de tarefas burocráticas asignadas ao profesorado nas súas distintas funcións.  | Equipo directivo  | 31/10/2022        | Software ofimática                   |                       | Realizada   |  |
|   |   |                   |                                      |                       | Aprazada    |  |
|   |   |                   |                                      |                       | Pendente    |  |
| A01.2:Elaborar plantillas estandarizadas para a realización de tarefas burocráticas que non dispoñan de aplicación web oficial.   | Equipo directivo  | 30/11/2022        | Software ofimática e ferramentas web |                       | Realizada   |  |
|   |   |                   |                                      |                       | Aprazada    |  |
|   |   |                   |                                      |                       | Pendente    |  |
| A01.3:Creación dun espazo na aula virtual do centro no que figuren ordenadas as tarefas, as plantillas e as ligazóns ás ferramentas web oficiais para a realización das mesmas. | Persoa coordinadora TIC   | 31/12/2022        | Aula virtual                         |                       | Realizada   |  |
|   |   |                   |                                      |                       | Aprazada    |  |
|   |   |                   |                                      |                       | Pendente    |  |

| Área/s de mellora: Pedagogía: Apoio e Recursos (E)                       |  |                   |   |                       |            |             |  |
|--|--|-------------------|---|-----------------------|------------|-------------|--|
| <b>OBXECTIVO 2:</b>  | Crear un curso semipresencial de metodoloxías baseadas nas tecnoloxías dixitais para o profesorado do centro. (E2) |                   |   |                       |            | Acadado     |  |
| <b>Responsable:</b>  | Persoa coordinadora TIC  |                   |   |                       |            | Non acadado |  |
| <b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>  | Curso creado e dispoñible na aula virtual e sesións presenciais realizadas.  |                   |   |                       |            |             |  |
| <b>Valor de partida:</b>   | Curso inexistente  |                   |   |                       |            |             |  |
| <b>Valor previsto e data:</b>  | Curso creado e dispoñible. Sesións presenciais realizadas.   |                   |   |                       | 30/04/2023 |             |  |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER  |  |                   |   |                       |            |             |  |
| DESCRIPCIÓN  | RESPONSABLES   | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS                             | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN |            |             |  |
|  |  |                   |   | VALORACIÓN DA ACCIÓN  | ESTADO     |             |  |
| A02.1:Seleccíonar as metodoloxías obxecto do curso                       | Persoa coordinadora TIC  | 30/11/2022        | Recursos web                                    |                       | Realizada  |             |  |
|  |  |                   |   |                       | Aprazada   |             |  |
|  |  |                   |   |                       | Pendente   |             |  |
| A02.2: Crear o curso na aula virtual e planificar as sesións presenciais | Persoa coordinadora TIC  | 31/12/2022        | Aula virtual. Software ofimática                |                       | Realizada  |             |  |
|  |  |                   |   |                       | Aprazada   |             |  |
|  |  |                   |   |                       | Pendente   |             |  |
| A02.3:Realización do curso   | Persoa coordinadora TIC  | 30/04/2023        | Aula virtual. Aula para as sesións presenciais. |                       | Realizada  |             |  |
|  |  |                   |   |                       | Aprazada   |             |  |
|  |  |                   |   |                       | Pendente   |             |  |

| Área/s de mellora: Pedagogía: Apoio e Recursos (E)                         |   |                   |                     |                       |            |             |  |
|--|---|-------------------|---------------------|-----------------------|------------|-------------|--|
| <b>OBXECTIVO 3:</b>  | Crear na Aula virtual do centro espazos para a provisión de repositorios comúns distribuídos por áreas de coñecemento. (E2) |                   |                     |                       |            | Acadado     |  |
| <b>Responsable:</b>  | Xefes de Departamento   |                   |                     |                       |            | Non acadado |  |
| <b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>  | Creados cursos na aula virtual, un por área de coñecemento, con recursos didácticos relacionados coa área.                  |                   |                     |                       |            |             |  |
| <b>Valor de partida:</b>   | Non existen os cursos.  |                   |                     |                       |            |             |  |
| <b>Valor previsto e data:</b>  | Cursos creados e provistos de recursos, un por cada área de coñecemento   |                   |                     |                       | 31/05/2023 |             |  |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER  |   |                   |                     |                       |            |             |  |
| DESCRICIÓN   | RESPONSABLES  | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN |            |             |  |
|  |   |                   |                     | VALORACIÓN DA ACCIÓN  | ESTADO     |             |  |
| A03.1:Crear espazos (cursos) na aula virtual para albergar os repositorios | Persoa coordinadora TIC   | 30/10/2022        | Aula virtual        |                       | Realizada  |             |  |
|  |   |                   |                     |                       | Aprazada   |             |  |
|  |   |                   |                     |                       | Pendente   |             |  |
| A03.2:Incorporar contidos aos cursos por área de coñecemento               | Profesorado de cada departamento  | 31/05/2023        | Aula virtual        |                       | Realizada  |             |  |
|  |   |                   |                     |                       | Aprazada   |             |  |
|  |   |                   |                     |                       | Pendente   |             |  |



| Área/s de mellora: Pedagogía: Apoio e recursos (E)  |   |                   |                     |                       |             |  |
|---|---|-------------------|---------------------|-----------------------|-------------|--|
